



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PADERNE

Convocatoria selección dun peón de obras públicas. Sistema nacional de garantía xuvenil

CONVOCATORIA SELECCIÓN DUN PEÓN DE OBRAS PÚBLICAS. SISTEMA NACIONAL DE GARANTIA XUVENIL

Por Decreto Nº 565/2026 de 22/09/2026 o Alcalde-presidente do Concello de Paderne resolveu convocar procedemento público para a contratación laboral temporal dun peón de obras públicas, ao abeiro da Orde do 22 de maio de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración coas entidades locais e cos organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2026, por un período de nove meses, e aprobar as bases para a realización do correspondente concurso-oposición.

As bases están a disposición dos/as interesados/as no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello <https://sede.concellodepaderne.es/gl/>.

É requisito ser desempleado/a inscrito/a no Sistema Nacional de Garantía xuvenil remitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia segundo a correspondente Oferta de Emprego presentada na Oficina de emprego de Betanzos.

O prazo de presentación de instancias será de 5 días naturais, contados a partir do día seguinte á data de publicación do presente anuncio no BOP

Paderne, 22 de setembro de 2026

O alcalde-presidente

Sergio Platas Casal

2026/6169